



REDE DE MÚSICAS SOLTAS RIANXO 2013

Ugía Pedreira e Fred Martins
22 de marzo

Dúo Fdez & Quintá
26 de abril

Sérgio Tannus Trío
24 de maio

Jazzología Trío
14 de xuño

Davide Salvado Dúo
18 de outubro

Xan Campos Trío
22 de novembro

Venres ás 20.30 h no Auditorio de Rianxo

Prezo: 5 € / Bono 6 concertos: 20 €

á venda na billeteira do auditorio 30 min. antes dos concertos



+ info: www.folque.com

Non todo o que cae na rede é peixe, e nesta rede só cae música de autora, de autor, de raíz, música popular traballada, de todos os POPs, de todos os pobos, música viva, que respira, que se move, que nos faga vivir e movernos. . . A **Rede de Músicas Soltas** trae peixe fresco de tempada de primavera e outono, aires cálidos con aires de mudanza estacional.

Ugia Pedreira e Fred Martins presentan “Acrobata”, o resultado dunha conxunción artística natural entre dous cantores. Un disco de autor con composicións orixinais que se identifica co sinxelo, o íntimo e o reducido mostrando sen demostrar. A palabra é o unico vestiario deste traballo onde as linguas galega e portuguesa se saudan dun xeito cordial e responsábel. Acrobata é o mellor exemplo pop do achegamento da Música Popular Brasileira (MPB) coa Música Popular Galega (MPG).

Fdez & Quintá son un dúo cun repertorio instrumental de muiñeiras, xotas, valeses, mazurkas, polcas, chotes,... onde dous músicos semellan catro pola natureza dos seus instrumentos (acordeón diatónico e sanfona). O acordeón aporta a harmonía, os baixos e unha melodía dinámica e a zanfona a calidez das cordas frotadas, a nota pedal a percusión do bordón rítmico. Dous experimentados compositores e arranxistas das súas bandas: Os Cempés e Linho do Cuco.

Sérgio Tannus presenta “Son Brasilego”, auténtica amalgama de músicas brasileiras e galegas. Máis de corenta músicos participaron nesta festa da galegofonía na vertente máis tropicalista que agora trae en formato de trío este multiinstrumentista brasileiro. A mestura musical das tradicións das dúas beiras do Atlántico, da man dun artista acollido na Galiza desde hai anos e que presenta un disco cheo de colaboracións e amizades: choro, muiñeira, MPB, MPG, rock&roll, samba, xota...

Jazzología son o trío de jazz liderado polo contrabaixista cubano José Manuel Díaz. Virtuoso do seu instrumento e compositor trae uns temas de jazz latino persoal e fresco con intrusionas ben orixinais na música tradicional galega, revisadas pola súa óptica atopan espazo nun concerto vibrante cheo de intensidade. Arte de grande nivel musical para degustar con todos os sentidos.

Davide Salvado presenta “O ladrón de amorodos”, un disco que regresa ás raíces da música de tradición oral que leva cultivando coas informantes vivas na Galiza. Un traballo que rescata fundamentalmente os xeitos de cantar e tocar os pandeiros de mao máis auténticos e enxebres por unha voz galega e univesal da música popular.

Xan Campos Trío é un grupo de jazz con máis de seis anos de experiencia percorrendo as salas e festivais máis importantes da península composto por Xan Campos (piano), Horacio García (contrabaixo) e Iago Fernández (batería). A súa música non ten pasado nin futuro, é o instante mesmo, un traballo realizado á marxe de calquera idea estética preconcebida onde a única protagonista é unha innovadora visión do jazz.